

ct

# Casa O'Rei

Traxicomedia gastronómica

de  
Santiago Cortegoso

*(fragmento en galego)*

*a miña avoa, que pasou necesidade  
a Marián, que cociña xenial  
e á gata Gala, que come de dieta*

#### Personaxes

Manolo Rei

As súas tres fillas:

Maribel

Rita

Cordelia

Cosque, bufón, esposo de Maribel

Albino, esposo de Rita

A acción transcorre na cociña da Casa de comidas O'Rei.

## Escena 1

*Recende a chourizo cocido, grelos e polo da casa. A mesa está presidida por MANOLO REI. As fillas e xenros chegan con fontes de cocido, botellas de viño e utensilios de cociña. Sentan todos a comer. Antes da sobremesa, MANOLO REI érguese e toma a palabra.*

REI

Para facer a dixestión tranquilos, imos falar antes o que hai que falar. Logo, que cadaquén tome cantos licores precise e á saúde de quen lle pareza. Levamos anos comendo todos xuntos os domingos despois de pechar, pero esta de hoxe non é unha comida máis.

MARIBEL

Que misterio, papá.

RITA

Aínda imos quedar sen sobremesa.

REI

O caso é que xa non son un mozo, iso salta á vista. Os anos bótanse enriba do corpo; os anos e mais o tabaco, o viño, as graxas, o colesterol e a cona que me botou, que hai algúns que andan toda a puta vida zapateados polas tabernas e mais non lles pasa nada, pero hai outros que nacemos con mala sorte, ou temos alguén a pedir por nós... Eu en Deus non creo, nin para o bo nin para o malo. Todo o bo que me leva pasado, que lle chega ben, non llo agradecín nunca porque non mo regalou el, que me custou ferro e fariña chegar a onde estamos; así que tampouco lle vou botar agora en cara o malo que me poida vir. A vida é así e ao carallo.

MARIBEL

A ver, tranquilo, papá. Acabe de falar.

RITA

Papá, que está a dicir?

REI

Aí atrás fun onda o Ferradás, ese que vén comer aquí que leva unha chea de anos a traballar no hospital.

RITA

Papá, que lle pasa?

REI

Tranquila, Rita. Un día falei con el, por unhas dores que me empezaran por aquí. *(Sinála o ventre)* Supoño que xa notastes que ando un pouco canso.

MARIBEL

E como non ha andar? Ten que descansar, papá.

RITA

Claro, non libra un día á semana sequera.

REI

Deixádeme falar, hostia. Xa sei que traballo moito, pero que vou facer? Ir tomar o sol? Traballo porque me gusta. E porque me sae dos collóns. O día que nesta Casa se coma un prato que non pase pola miña man ha ser porque estea tan esfurricado que non poida. E ese é o caso.

MARIBEL

Que?

RITA

Papá!

REI

O Ferradás é un galopín de carallo. Moita vida fina de cidade coas “pilinguis” esas que trae, pero ben que rilla na carne á pedra; márchalle a fineza toda. Come a lúa se a atrapa baixa. O carallo é que ten unha clínica de moito pistón e seica é o que máis sabe do que teño eu. Fíxome alí unhas probas e...

RITA

Papá! Que ten?

MARIBEL

Pero, papá, como non avisou? Que podía ir alguén con vostede.

REI

Quéresme deixar acabar?

MARIBEL

Perdoe, papá.

REI

Aquí para listo xa está o Ferradás. Non quero aloumiños, nin parvadas, nin lágrimas, nin hostias. Atopeime mal e xa me amañei eu. Marcho para Estados Unidos. En principio, un mes. Ou, se cadra, dous.

MARIBEL

Papá, estas cousas hai que as falar. Eu quero ir con vostede. Como vai ir só?

REI

Hei de ir como me dea a gana.

MARIBEL

E para que estamos as fillas?

RITA

Iso.

REI

Para calar cando fale o pai.

MARIBEL

Non sexa testán, que non llo dicimos por mal.

RITA

Hai que falar as cousas, papá.

REI

Xa sei que sodes moi boas, pero isto vaise facer como diga eu.

CORDELIA

Para variar.

REI

Pois para variar, si. Para variar vou facer o que me saia dos collóns. O Ferradás ten todo amañado, mesmo vai vir comigo uns días para clarearse el cos de alá. E supoño que para facer algunha gamberrada de paso, pero iso é cousa del e eu non me meto na súa vida. Non quero vitimismos, nin choromicadas. Se todo sae ben, non vou morrer de momento, pero si que vou quedar bastante tocado. Así que vós facedes máis falta aquí. Esta Casa non pechou nin o día que morreu a señora, que descanse onde estea.

RITA

Ai, meu Deus!

MARIBEL

Iso foi unha barbaridade.

REI

Iso foi o que quixo ela. Con chorar non se alimenta ninguén. A xente vén aquí comer e non se lle pode dar coa porta nos fociños. Así que xa vos podeades ir espilindo. Este que acabades de comer foi o último cocido que fixo Manolo Rei. Espero que o catásedes ben porque non vai haber outro. A non ser que o Ferradás sexa un burro de carallo e a cousa non sexa para tanto.

MARIBEL

Papá, como é vostede así?

REI

Menos “papá, papá” e máis atender. Mañá marcho, pero quero deixar todo atado e ben atado, como dicía o outro. Maribel, ti es a máis vella, así que empezo por ti. Quedas encargada de ir mercar,

como levas facendo os últimos anos, pero agora non vou ir eu contigo para che dicir cal peixe é máis fresco ou cal carne é máis tenra. O mérito máis grande desta Casa sempre foi dar os mellores produtos da zona, así que espero que esteas á altura e ninguén teña que comer aquí carne de burro.

MARIBEL

Moitas grazas, papá, pola súa confianza...

REI

Espera, que non rematei. Un terzo da Casa é para ti, igual que para as túas irmás: a partes iguais, nin máis nin menos. Pero se algún día é preciso, a última palabra, por seres a máis vella, tela ti.

MARIBEL

Eu prométole que me hei esforzar en cumprir coa miña responsabilidade; e que hei traballar en sintonía coas miñas irmás, porque sei que vostede o quere así. E tamén que hei de levar esta Casa como a vostede lle gusta.

REI

Así o espero.

MARIBEL

Claro que si, papá. Sabe que o quero moito e que só por iso vou tratar de que, na súa ausencia, esta Casa non perda o prestixio que vostede lle deu. De verdade que é para min un orgullo continuar a súa obra.

REI

Grazas, Maribel. Non esperaba menos de ti. Xa sei que non me vas defraudar. No tocante a ti, Rita, vas poder andar pola cociña sen apañar as miñas broncas.

RITA

Ai, papá! Non imos ser quen de o facer igual. Vostede é imprescindible. Hai pratos que non nos van saír, polo menos non tan ben como lle saen a vostede. Uf, non sei, xa me está entrando unha aprehensión, unha angustia.

MARIBEL

Sabemos que é difícil igualalo, pero está nas nosas mans.

RITA

Eu tamén o quero moito, papá. E estou moi orgullosa. Temos que estar moi unidas. A ver se entre as tres damos sacado todo adiante. A ver se entre as tres somos tan fortes como é vostede só. É o seu desexo, non si, papá?

REI

É, Rita, moi ben. Cordelia, a pequena; das tres, ti es sen dúbida a miña sucesora natural, a xefa de cociña da Casa despois de min, porque sabes cociñar, naciches para isto e punto.

CORDELIA

Estou moi triste pola súa enfermidade, papá, pero as cousas...

MARIBEL

Eu tamén estou moi triste polo que lle pasa a papá, pero ao mesmo tempo síntome moi orgullosa. Ti non o sentes, Cordelia?

CORDELIA

Eu o que sinto é que me están repetindo os grelos.

REI

Como dis, Cordelia?

CORDELIA

Digo que me están sentando mal os grelos, que estou empachada, porque hai que ter un estómago a proba de bomba para dixerir tanta hipocrisía.

RITA

Pero Cordelia...

CORDELIA

Repúgname o chourizo e repúgname a falsidade.

MARIBEL

Como lle podes facer isto a papá un día coma hoxe?

RITA

Non ves que está malo?

CORDELIA

Eu só digo o que penso.

REI

Pois, dío. Di o que teñas que dicir.

*Silencio.*

REI

Fala para adiante.

CORDELIA

Eu non son quen de mentir, papá. Nin por interese, nin por quedar ben, ou non sei polo que.

REI

Dío, hostia!

CORDELIA

Pois digo que esta verdura está moi pasada: desfaise. E a carne está desaborida de todo: non ten sustancia.

RITA e MARIBEL

Cordelia!

CORDELIA

Ademais levamos anos coa mesma carta, porque as miñas suxestións nunca foron escoitadas. A cociña evolucionou moito nos últimos anos e estamos quedando atrás. A perda de clientes non é pola crise económica, é porque o lacón con grelos a pau seco está obsoleto. E vostede, papá, con todo o respecto e con todo o cariño, hai tempo que non está para levar isto; está canso de máis; os anos non perdoan. Xa era hora de que houbese un cambio nesta Casa.

REI

Xa sei que vou vello, que vou perdendo a man e que isto é moito choio para min. É tempo da retirada, non che digo que non. Pero como me podes dicir que está mal de sal un cocido meu? Vasme ensinar a cocer grelos? A min? Levo corenta anos, corenta, oíches?, facendo cocidos. E guisos, e mariscadas, e peixe. Puxen esta Casa onde está. E pensas que unha mocosa coma ti me pode dicir como teño que cociñar? Iso foi o que aprendiches? Eras a favorita, pero está visto que o estilo desta Casa non che gusta. Isto non é para ti. Polo tanto, aquí non pintas nada, rapariga. Maribel, Rita, a Casa é vosa. Habédesvos amañar ben. Eu só teño dúas fillas. Tiña unha terceira, pero rexeitoume.

CORDELIA

Papá, eu só dixen o que pensaba. Ao mellor debería...

REI

Quen é esta rapaza que me está a falar? Non a coñezo. Que marche.

MARIBEL

Cordelia, como podes ser tan egoísta?

CORDELIA

E ti tan falsa?

REI

Vaite dunha puta vez. Non te quero ver nesta Casa.

*CORDELIA marcha.*

RITA

Tranquilo, papá. Non se altere que é peor.

REI

Cosque! Ponme unha copa de herbas.

COSQUE

Ao mellor non lle é bo, señor Manolo.

REI  
Para que?

COSQUE  
Para a dixestión. Para que vai ser, oh?

REI  
Bótama igual. De algo hai que morrer.

*COSQUE bótalle unha copa de augardente e o vello bébea dun grollo.*

Cordelia

CORDELIA  
Que lonxe estás, mamá. Por máis que te vexo, que mesmo penso que te vou poder tocar, non chego nin a rozarte coa punta dos dedos. Seguro que estás a comer sardiñas, coma sempre. Son un símbolo de ti, da túa vida. Agora mesmo gustaríame estar contigo, as dúas xuntiñas, para poder velos dende arriba e sentilos lonxe, moi lonxe. Quilómetros e quilómetros de ceo azul, cara arriba sen parar, os avións quedan atrás, digo adeus mentres atraveso liñas de cores, nunca miro atrás, a indiferenza dáme pulo para subir e achegarme a ti. As vidas transcorren a toda velocidade queimando ritos; nacer, xogar para aprender, relacionarse para reproducirse, traballar para integrarse e morrer. Ha chegar un día no que comer non sexa algo xeracional, nin sequera algo importante, senón só a consecuencia de que temos fame e non somos máis parvos cós animais.